



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ, Secretario – interventor do Concello da Capela, Provincia da Coruña,

CERTIFICO:

Que o Concello Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente realizada o día tres de marzo de dous mil dezasete, adoptou entre outros o seguinte acordo, que copiado literalmente dí:

“3. ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA NO CONCELLO DA CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación dos seguintes ANTECEDENTES:

1º. Polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día vinte e dous de decembro de dous mil dezáseis admitiuse a trámite e estimouse o recurso de impugnación (reposición), presentado pola empresa Tu mayor amigo, S.L. contra o Prego de cláusulas Administrativas particulares e a súa documentación aprobado polo pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día once de novembro de dous mil dezáseis, no sentido de modificar o anexo V da relación de persoal a subrogar. Asimesmo acordouse anunciar unha nova licitación do servizo.

2º. A tales efectos publicouse anuncio de licitación no BOP número 245 de data vinteoito de decembro de dous mil dezáseis e no perfil do contratante da páxina web do concello: www.concellodacapela.es.

3º. No prazo establecido ao efecto presentaron ofertas as seguintes empresas:

- Servital Servizos Sociosanitarios, S.L.
- Servizos Sociais, Virxe do Carme S.L.

4º. A Mesa de contratación permanente do Concello realizou reunión o día 19 de xaneiro de 2017 para avaliar a documentación presentada polas dúas empresas que cumpriron ámbalas dúas co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares; en data quince de febreiro de dous mil dezasete para coñecer o informe da Traballadora Social sobre a avaliación dos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas matemáticas (subxectivos), así como proceder á apertura da oferta económica presentada polas empresas co seguinte resultado:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- Servital Servizos Sociosanitarios, S.L. ofertou o prezo de 12,79 € /hora IVE engadido, así como 100 horas ano/gratuítas.
- Servizos Sociais Virxe do Carne, S.L., ofertou o prezo de 12,55 €/ hora IVE engadido, así como 201 horas ano /gratuítas.

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación propón ao Pleno da Corporación que se adxudique o contrato de prestación do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade dependencia á oferta máis vantaxosa e que obtivo a maior puntuación (94,25 puntos) no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación establecido para a licitación e contratación do servizo de referencia.

Polo concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. David Rodríguez Sanmartín, dise que o seu grupo xa propuxo no seu día que este servizo fora xestionado polo Concello a través dunha bolsa de traballo.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dí que a forma de xestionar o servizo elixida polo Concello da Capela cumpre as expectativas e que noutros concellos que apostaron polas bolsas de traballo como de San Sadurniño, algunhas veces teñen que acudir á empresa privada para prestar o servizo os fins de semana.

Rematado o debate, e tendo en conta os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Cláusulas Administrativas particulares, que rexeron a licitación e contratación do servizo de referencia aprobadas polo pleno do Concello en data once de novembro de dous mil dezaseis e modificadas polo Pleno do Concello de data vinte e dous de decembro de dous mil dezaseis.
- Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011 do 14 de novembro do TRLCSP.

O Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G- PSOE e 1 voto en contra do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

1. Adxudicar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar modalidade dependencia á oferta presentada pola empresa Servizos Sociais Virxe do Carne, S.L, ao ser a oferta máis ventaxosa e que acadou a maior puntuación no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación (94,25 puntos) que rexeu a licitación de referencia polo prezo de 12,55 € /hora de prestación do servizo e duascenas horas ano gratuítas polo prazo de catro anos prorrogables a outros dous máis. O total estimado do contrato incluídas as prórrogas ascende á cantidade de 617.597, 76 € IVE engadido.
2. Notificar o presente acordo ás empresas que concorreron á licitación.
3. Delegar expresamente no Sr. Alcalde-Presidente a sinatura do correspondente contrato administrativo da prestación do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade dependencia no Concello da Capela."

Para que conste e aos efectos de engadir ao expediente da súa razón, expido a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, na Capela a sete de marzo de dous mil dezasete.

O secretario

Vº e Prace,

O alcalde,

Manuel Meizoso López